

ORDE do 28 de outubro de 2021 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en **educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería, así como en centros privados concertados, no curso 2021/22 (código de procedemento ED330E).**

Prazo de presentación: 15/11/2021 - 26/11/2021

Requisitos:

- O alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022, **NON TEN QUE PRESENTAR SOLICITUDE.**
- Non fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar por diferentes circunstancias, pero cumpra algunha das seguintes condicións:
 - Pertenza a familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
 - Estea matriculado en educación especial.
 - Suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
 - Teña unha discapacidade igual ou superior ao 65 %.

Presentación da documentación:

Preferiblemete de forma electrónica, no seguinte enlace:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento/codtram=ED330E&ano=2021&numpub=1&lang=es>

Presentación en centro:

Cubrir os Anexos I e II e entregar en centro, xunto co resto de documentación complementaria:

Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno/a e os/as demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a **sentenza xudicial e/ou convenio regulador** onde conste a atribución da custodia do/da menor.

LIGAZÓN:

Orde do 28 de outubro de 2021 (DOG)

[ANEXO I](#)

[ANEXO II](#)